

NOTA ACLARATORIA do ANUNCIO do 27 de decembro de 2019 polo que se convocan cinco bolsas para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea (código de procedemento PR770N)

A Subdirección Xeral de Relacións coa Unión Europea como órgano instrutor do procedemento PR770N quere facer as seguintes aclaracións en canto á documentación necesaria que hai que presentar co fin de solicitar as bolsas:

Título académico

O órgano instrutor pode consultar o título académico, excepto si este non fose aínda expedido, nese caso é necesario presentar copia do pagamento dos dereitos para a súa expedición.

Méritos. Requisitos xerais

Os méritos que non estean acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes **non se terán en conta** e non procederá requirimento para a emenda da solicitude. Non é suficiente con presentar o anexo III. Os méritos deben estar acreditados.

Méritos. Requisitos específicos

Expediente académico

O órgano instrutor **non pode comprobar o expediente académico**, polo que é necesario presentar copia da certificación académica dos estudos realizados, na que consten as materias cursadas, as cualificacións obtidas e a **nota media do expediente**. De non presentar dita copia, o expediente académico non se terá en conta na fase de valoración.

Coñecemento do idioma galego (Celga 4, Celga 3)

1. O órgano instrutor pode consultar os certificados de Celga 4 e Celga 3 se a persoa solicitante se presentase as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
2. **En calquera outro caso, o órgano instrutor non pode consultar os certificados**, polo que é necesario presentar copia da certificación que acredite o Celga 4 ou Celga 3. Por exemplo, no caso de que a persoa solicitante cursarse o bacharelato nalgún instituto de ensinanza secundaria da C.A. de Galicia, debe presentar copia da certificación emitida pola secretaría na que conste o nivel de



competencia en lingua galega. De non presentar dita copia, o coñecemento do idioma galego non se terá en conta na fase de valoración.

Cursos

Non se terán en conta aqueles cursos que non acrediten as horas de duración ou os inferiores a 20 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Tampouco se valorarán os cursos e idiomas que formen parte do plan de estudos dunha titulación académica.

